

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de veteduras e calidade das augas.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de adaptación da estrada LU-641 ao Plan de Baixa Intensidade Media Diaria (IMD) mellorada. 2ª fase, Pq 0 + 000 ao 6 + 630, nos termos municipais de Samos e do Incio por importe de dous millóns cento oitenta e catro mil cento corenta e sete euros con vinte e nove céntimos (2.184.147,29 €).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de modificado nº 1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao Plan de Baixa Intensidade Media Diaria (IMD), no termo municipal do Incio, por importe de catro millóns setecentos once mil setenta e seis euros con oitenta e dous céntimos (4.711.076,82 €).
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construtivo da segunda (2ª) fase da travesía de Santa María do Mao, no termo municipal do Incio, por importe de cincocentos nove mil douscentos tres euros con noventa e seis céntimos (509.203,96 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a implantación e se suprimen ensinanzas universitarias oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2010-2011 e se crean, suprimen e modifican centros universitarios.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea o Observatorio de Violencia no Contorno Laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun protocolo entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Ministerio de Traballo e Inmigración polo que se prorroga, para o ano 2010, o convenio de colaboración suscrito o 25 de outubro de 2005 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como de reforzo educativo, por importe total dun millón setecentos cincuenta e tres mil oitocentos vinte euros (1.753.820 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención á entidade Telefónica SAU por importe de 5.210.596 euros ao abeiro da Resolución do 28 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboacións con maior demanda desatendida de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010-2012.
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención á entidade *R Cable y Telecomunicaciones de Galicia*, por importe de vinte e oito millóns de euros (28.000.000 €) ao abeiro da Resolución do 28 de maio de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a extensión de redes de acceso de nova xeración nas poboacións con maior demanda de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010-2013.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, a Fundación Caixa Galicia, a entidade mercantil Banesto, o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña e o Consello Galego de Procuradores, relativo á exposición *As pegadas da xustiza*, que se celebrará durante os meses de outubro a novembro de 2010, por un importe global de trinta e oito mil seiscentos euros (38.600,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Friol, para a execución da rehabilitación da praza Andón Cebreiro, por importe de trescentos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

setenta e catro mil novecentos sesenta e tres euros con noventa e cinco céntimos (374.963,95 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto LAT 66 KV TIVO – San Xurxo (concellos de Caldas de Reis, Portas, Barro, Moraña, Campo Lameiro e Cotobade (Pontevedra)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversación aos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e se autoriza a plurianualidade do gasto previsto nel, por un importe total dun millón douscentos cincuenta e oito mil trescentos vinte euros (1.258.320,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Catoira para as obras de recuperación do conxunto histórico-monumental das Torres do Oeste, por un importe total de douscentos nove mil cento trinta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (209.136,52 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se modifica a composición do Consello de Administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral do Estado situados na Comunidade Autónoma Galega (Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Marín e ría de Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, e Vigo) para adaptalos ao disposto na Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, que modifica o artigo 40 da Lei 27/1992, do 23 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, na redacción dada pola Lei 62/1997, de reforma da Lei 27/1992.

INFORMES**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega (III Plan Estratexia de xuventude).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA REGULA A COLABORACIÓN DE ENTIDADES COA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA EN MATERIA DE CONTROL DE VETEDURAS E CALIDADE DAS AUGAS**

- *As entidades poderán auxiliar a Administración na realización de informes ou análises, dada a densidade da rede fluvial da Demarcación Hidrográfica Galicia- Costa e o volume de tarefas da primeira*
- *O Plan de Control de Verteduras foi aprobado no Consello da Xunta do 6 de agosto de 2009, cun investimento de máis de 6 millóns de euros por parte do Goberno galego*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas. Establécense así as condicións que as persoas ou empresas deben reunir para obter o título de entidade colaboradora da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e vixilancia da calidade das augas, e realizar tarefas de apoio á dita administración

Na actualidade, Augas de Galicia conta cunha unidade técnica de intervención en saneamento en cada unha das demarcacións: Galicia Norte, Centro e Sur, integradas dentro do Plan de Control de Vertidos, en estreita coordinación coa Gardaría Fluvial.

Cómpre sinalar que o Plan de Control de Verteduras foi aprobado no Consello da Xunta do 6 de agosto de 2009 cun investimento de máis de 6 millóns de euros por parte do Goberno galego. O obxectivo deste plan é crear unidades renovadas e especializadas, destinadas tanto á inspección e ao control de vertidos en dominio público como á xestión das alertas xeradas.

Entidades colaboradoras

Non obstante, dada a densidade da rede fluvial existente na Demarcación Hidrográfica Galicia- Costa e o volume e diversidade das tarefas de control e vixilancia das verteduras, considerouse a necesidade de contar con empresas que puidesen colaborar na realización de análises, informes e demais actuacións en materia de ambiente.

As actuacións realizadas polas entidades colaboradoras complementan os traballos que se están levando a cabo dende o Plan de Control de Verteduras, o que en definitiva lle permitirá á Administración ter maior control sobre as verteduras ao dominio público e, sobre todo, ao medio receptor.

As entidades colaboradoras prestarán auxilio á Administración nas súas funcións de seguimento e control das verteduras ao dominio público e da calidade das augas. Tamén lles proporcionarán ás empresas que o necesiten o auxilio técnico necesario nos seus trámites ante a Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O decreto polo que se regulan os entes conta cos informes favorables emitidos pola Dirección Xeral de Orzamentos, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, Dirección Xeral de Tributos, Secretaría Xeral de Igualdade e Asesoría Xurídica.

Para a elaboración do decreto contouse, ademais, coa participación de 26 entidades interesadas no procedemento.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 7,4 MILLÓNS NAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA QUE UNE OS CONCELLOS DE SAMOS E O INCIO

- *Os treitos en que se actuará teñen unha lonxitude total de 14,4 quilómetros*
- *Con estes traballos preténdese diminuír os tempos de percorrido investidos e aumentar a seguridade viaria*
- *As obras beneficiarán os concellos do Incio, Samos e Sarria*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada LU-641, que une Castroncán e Sirgueiros, e pola travesía de Santa María do Mao (2ª fase), no concello do Incio. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, realiza unha achega económica de 7.404.428, 07 euros para a execución destas obras.

Con esta actuación preténdese aumentar a capacidade da estrada LU-641, principal vía de comunicación entre os concellos de Samos e O Incio, desconxestionar o tráfico e reducir os tempos de percorrido. Así mesmo, mellorarase a accesibilidade a empresas e vivendas e suporá unha maior comodidade para o tránsito de peóns.

A lonxitude total dos tramos sobre os cales se actuará é de 14,4 quilómetros e os treitos son os que se detallan na seguinte táboa.

Treito	Investimento
Castroncán- Santa María do Mao (pq 0+000 ao 6+630)	2.184.147,29
Travesía do Mao (pq 6+540 ao 6+940)	509.203,96
Santa María do Mao- O Incio (pq 7+360 ao 14+730)	4.711.076,82
TOTAL: 7.404.428,07	

Adaptación da LU-641

O proxecto de adaptación da estrada LU-641 ao Plan de Baixa Intensidade Media Diaria (IMD) mellorada actuará no treito Santa María do Mao- O Incio (7+360 ao 14+730) e en Castroncán- Santa María do Mao (0+000 ao 6+630).

Con estes traballos ampliarase o largo da vía a dous carrís de 3 metros cada un e beiravías e berma de 0,50 metros. Esta obra comprende tamén tarefas de escavación, demolición, estendido de mestura bituminosa, así como instalación de iluminación, sinalización e xardinaría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O prazo de execución das obras é de 12 meses e beneficiará os concellos do Incio, Samos e Sarria.


Travesía de Santa María do Mao

A segunda fase da travesía de Santa María do Mao (6 + 540 ao 6 + 940), no concello do Incio, é a continuación da primeira fase do proxecto, xa rematada e que tamén foi financiada pola Xunta cunha achega económica de preto de 345.000 euros.


As obras desta segunda fase implicarán o aumento da calzada a dous carrís de 3 m, prolongación das beirarrúas de 2 m de largo, e instalación de beiravías e varandas para a protección dos peóns. Construiranse aparcadoiros e sendas peonís, colocarase drenaxe lonxitudinal e transversal e prestarase atención á sinalización e ao balizamento.

Por último, procederase ao alargamento da ponte sobre o Río Mao e implantaranse servizos básicos de saneamento, abastecemento de augas e luz pública.

O prazo de execución das obras deste treito será de 9 meses e veranse beneficiados 15.595 habitantes dos municipios de Samos, O Incio e Sarria.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN AUTORIZA A IMPLANTACIÓN DE NOVOS TÍTULOS ADAPTADOS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- *Deste xeito continúaase o proceso de adaptación, que chegará este curso 2010-2011 á súa fin*

A Consellería de Educación autorizará 60 novas titulacións universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), despois de que o Consello da Xunta dese hoxe o visto e praxe a estes plans de estudo. Deste xeito o Goberno galego dá un novo impulso ao proceso de adaptación ao EEES, que chegará este curso académico á súa fin.

Ao abeiro do decreto hoxe aprobado, aprobaranse 31 títulos de grao, ben que todas resultan da transformación doutras ensinanzas da antiga ordenación universitaria. Así, os 17 graos autorizados na Universidade de Santiago de Compostela resultan da transformación de 23 títulos vixentes ata agora, e os 14 graos da UVigo proceden de 15 transformacións de títulos anteriores. No caso da Universidade viguesa autorízase ademais, a implantación das titulacións de Educación Infantil, Educación Primaria, Enfermaría e Administración e Dirección de Empresas noutros centros, fundamentalmente na Escola de Negocios Caixanova, Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB Maria Sedes Sapientae e as escolas universitarias de Enfermaría de Pontevedra e Ourense.

Respecto dos posgraos, o dito decreto concede autorización para que a USC imparta 14 másters, dos cales 8 proceden da transformación de títulos anteriores. Ademais, dáse o visto e praxe á implantación de 6 novos títulos. Pola súa parte, dos 13 másters da UVigo, 4 resultan de transformación e 9 son novos. Ademais, os dous programas de doutoramento (un da UDC e outro da UVigo) incluídos neste decreto tamén resultan da transformación de programas de doutoramento da antiga ordenación das ensinanzas universitarias.

Doutra banda, o decreto aprobado hoxe impulsa a colaboración entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e as de fóra de Galicia. Así, dos másters da USC, 3 son interuniversitarios, un coa UDC, outro coa Universidade de Granada e outro co Agrocampus Ouést da Université de Rennes. No caso dos másters da UVigo, 2 son interuniversitarios, un coa UDC e outro coa Universidade Católica do Porto.

Modificación e revogación

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da denominación de dúas titulacións de ensinanzas universitarias oficiais, fundamentalmente do programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicación en Sistemas de Telecomunicación da UDC, que pasa a denominarse programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicación en Redes Móviles; e do de doutoramento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

en Comunicaci3ns Multimedia da UVigo- agora en Aplicaci3ns de Procesamento de Sinal en Comunicaci3ns-.

Por outra banda proc3dese a revogar, despois de que as3 o solicitasen as respectivas universidades, as titulaci3ns de M3ster Universitario en Seguridade Integral na Industria e M3ster Universitario en Contabilidade e Finanzas, ambos os dous da UVigo; e de M3ster Universitario en Enxeñar3a para o Medio Rural, da USC. No caso do programa de doutoramento en Econom3a e Empresa pola UDC, este doutoramento non chegou a impartirse e co tempo foi substituído polo de Competitividade, Innovaci3n e Desenvolvemento: An3lise Econ3mica e Empresarial, polo que se autoriza agora a s3a revogaci3n.

Aproveitamento de recursos

Ademais, o decreto d3 luz verde 3 supresi3n da Escola Universitaria de Estudos Empresarias e da Facultade de Ciencias Econ3micas e Empresariais por creaci3n da Facultade de Econom3a e Empresa. Deste modo, a simplificaci3n e fusi3n de centros busca unha maior eficiencia, racionalizaci3n e simplificaci3n na utilizaci3n dos recursos humanos, materiais e acad3micos dispoñibles na UDC, por petici3n da propia universidade.

A UDC solicitou tam3n o cambio da denominaci3n da Escola Universitaria de Relaci3ns Laborais de Ferrol por Facultade de Ciencias do Traballo, con base na transformaci3n destes estudos dunha diplomatura a grao.

Cara ao EEES

Con este decreto a Conseller3a de Educaci3n d3 cumprimento a unha das exixencias da construcci3n do EEES, o establecemento dun sistema de ensinanza universitarias estruturado en tres ciclos -grao, m3ster e doutoramento-, e organizado sobre os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade.

O novo cat3logo diseña, ademais, unha oferta global, completa e vers3til, sen duplicaci3ns nin redundancias, que fai un aproveitamento eficiente dos recursos para mellorar a calidade do SUG. Ademais, pon 3 disposici3n do alumnado plans de estudo que permiten unha maior adaptabilidade a unha realidade laboral cambiante en exixencias e capacidades, que promove ao mesmo tempo a formaci3n ao longo da vida, imprescindible na sociedade dos nosos d3as.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CREARÁ UN OBSERVATORIO DE VIOLENCIA NO CONTORNO LABORAL DAS SÚAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS

- *O decreto proposto ten por obxecto a creación e configuración dun órgano específico responsable da análise e avaliación das situacións de risco de violencia no ámbito laboral do Sergas*
- *Este decreto do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía parte da consideración dos recursos humanos como un dos eixes do sistema sanitario*
- *O observatorio servirá de foro de diálogo permanente entre a Administración sanitaria e outros colectivos e institucións representativas da sociedade galega, para asegurar unha participación activa no que atinxe á violencia no ámbito laboral*

O executivo autonómico, reunido no día de hoxe, aprobou un informe polo que se dá conta e se somete á aprobación do Consello da Xunta dun Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio de Violencia no Contorno Laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

En consecuencia, o decreto proposto ten por obxecto a creación e configuración dun órgano específico responsable da análise e avaliación das situacións de risco de violencia no ámbito laboral do Sergas. O observatorio desenvolverá, así mesmo, labores de seguimento, proposta e participación, relacionados coa violencia no ámbito laboral da institución.

Este decreto do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía parte da consideración dos recursos humanos da organización como un dos eixes do sistema sanitario.

A norma elabórase en desenvolvemento dos mandatos da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, normativa que fai fincapé no dereito das persoas traballadoras á protección da súa saúde e seguridade no seu traballo, incluíndo a protección fronte ao acoso sexual e fronte ao acoso por razón de sexo.

Mellor atención ao paciente

A Consellería de Sanidade entende que a calidade da asistencia sanitaria pasa por atender, de xeito preeminente, o compoñente humano; obter o mellor ambiente laboral, de cordialidade, respecto e entendemento posibles resulta indispensable para prestar un bo servizo sanitario á cidadanía galega.

Polos ditos motivos, a prevención das condutas violentas no ámbito laboral ten un valor singular na actualidade como liña estratéxica do departamento que dirixe Pilar Farjas, e maniféstanse, asemade, como unha prioridade na política de recursos humanos do Sergas. Neste sentido, cómpre lembrar medidas de recente implantación, como o novo sistema de alarma nos centros de saúde e puntos de atención continuada, no ámbito da atención primaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Polo tanto, por medio do decreto a Administración sanitaria galega crea e regula o Observatorio de Violencia no Contorno Laboral das institucións sanitarias do Sergas, coa misión non só de describir a situación e a evolución deste risco no seu contexto senón tamén de levar a cabo unha detallada análise das necesidades que contribúa a elaborar as estratexias e políticas preventivas adecuadas, co fin de previr a exposición dos profesionais aos distintos tipos de violencia no desenvolvemento do seu traballo e minimizar as súas consecuencias. Todo iso redundará na mellora da calidade de vida no traballo do persoal ao servizo da Administración sanitaria e nunha mellor atención ao paciente.

Órgano colexiado e finalidades

O observatorio configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo e de seguimento, proposta, participación, análise e avaliación das situacións de risco de violencia no ámbito laboral do Sergas.

A finalidade do organismo creado será a de coñecer, analizar e avaliar a situación do risco de agresións ou condutas violentas no ámbito laboral das institucións do Sergas, así como propor actuacións de prevención e intervención para os citados supostos, ademais de servir de foro de diálogo permanente entre a Administración sanitaria e outros colectivos e institucións representativas da sociedade galega, como as organizacións sindicais, para asegurar unha participación activa no que atinxe á violencia no ámbito laboral.

No decreto detállanse as funcións que corresponden ao observatorio para o cumprimento dos citados fins, e régúlase a súa organización e funcionamento a través de dous órganos: o Pleno e a Comisión Técnica. Estes órganos estarán integrados por responsables da Administración sanitaria e dos diversos estamentos e colectivos máis representativos do persoal das institucións sanitarias.

XUNTA E GOBERNO DESTINAN CASE 1,8 MILLÓNS DE EUROS Á ACOLLIDA, INTEGRACIÓN E REFORZO EDUCATIVO DE PERSOAS INMIGRANTES

- *O Goberno galego comprométese a achegar, como mínimo, 468.698 euros da cantidade facilitada polo Ministerio de Traballo e Inmigración a actuacións en materia de educación enunciadas no Plan de Acción 2010*
- *Destinaranse polo menos 122.720 euros da achega do Ministerio á atención de menores estranxeiros non acompañados desprazados desde Canarias no marco do Programa especial*
- *Derivarase ás entidades locais cunha maior presión migratoria como mínimo o 40% da asignación de 1.131.100 euros correspondentes á achega que realiza o Ministerio á acollida, á integración e ao reforzo educativo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do protocolo polo que se prorroga, para este exercicio 2010, o convenio de colaboración subscrito en 2005 entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de acollida, integración e reforzo educativo de persoas inmigrantes residentes en Galicia.

Segundo se establece no protocolo de colaboración, o custo total desta iniciativa ascende a 1.753.820 euros, dos cales 1.253.820 euros serán achegados polo Ministerio de Trabajo e Inmigración, mentres que os 500.000 euros restantes serán achegados pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Emigración.

As actuacións que vai desenvolver a Comunidade galega no presente exercicio están recollidas no Plan de Acción 2010, plan que foi aprobado de común acordo pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración e a Secretaría Xeral da Emigración.

Así, o Plan de Acción de Galicia recolle, de forma expresa, as actuacións que se van desenvolver. As ditas actuacións pódense dividir en tres epígrafes: a acollida e integración de inmigrantes; o reforzo educativo destes; e a atención a menores estranxeiros non acompañados desprazados desde Canarias, Ceuta e Melilla no marco do programa especial establecido para tales efectos.

Por este acordo o Goberno galego comprométese a destinar, como mínimo, 468.698 euros da achega do Ministerio de Traballo e Inmigración a actuacións encadradas nas medidas en materia de educación enunciadas no Plan de Acción 2010; así mesmo, destinará polo menos 122.720 euros da achega do Ministerio a actuacións de atención de menores estranxeiros non acompañados desprazados desde Canarias no marco do Programa especial establecido para estes efectos que permanecen no sistema de protección da Comunidade Autónoma; e comprométese a derivar ás entidades locais cunha maior presión migratoria como mínimo o 40% da asignación de 1.131.100 euros correspondentes á achega que realiza o Ministerio á acollida, á integración e ao reforzo educativo.

A XUNTA IMPLANTA EN GALICIA UNHAS INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS DE VANGARDA PARA DAR ACCESO Á REDE A ZONAS SEN COBERTURA E PROPORCIONAR OS SERVIZOS MÁIS AVANZADOS A USUARIOS E EMPRESAS

- *A Administración autonómica adxudica aos operadores R e Telefónica a extensión de diferentes redes previstas nas liñas estratéxicas do Plan de Banda Larga 2010-2013*
- *Telefónica cubrirá a maior parte dos centros da Administración pública que actualmente non teñen acceso á banda larga, os polígonos industriais e dará servizo a máis de 60.000 usuarios de núcleos rurais sen cobertura*
- *O servizo ofertado por Telefónica acadará os 6 Mbps de baixada e 640 Kbps de suba*
- *Pola súa banda, o operador R facilitará un servizo de telecomunicacións máis avanzado de 100 Mbps de velocidade a máis de 535.000 persoas de núcleos que superen os 500 habitantes sen ter en conta o despregamento previsto nas sete grandes cidades*
- *En 2012 a oferta de R acadará os 200 Mbps, 600 Mbps no 2015 e 1000 Mbps en 2019*
- *A Xunta achega un total de 33 millóns de euros para estas actuacións xerando un investimento global de máis de 150 millóns de euros para facilitar a conectividade a toda a Comunidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a adxudicación, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, de dúas das actuacións máis importantes previstas no Plan de Banda Larga 2010-2013, que ten como obxectivo proporcionar acceso á Internet de calidade a todos os galegos.

Tras revisar as solicitudes presentadas polos operadores que optaron, en réxime de concorrencia competitiva, ás subvencións previstas en dúas ordes de axuda publicadas no DOG o pasado 28 de maio, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica resolveu adxudicar a Telefónica a extensión de redes fixas para garantirles o acceso á banda larga a núcleos rurais de máis de 100 habitantes sen cobertura, á maior parte dos centros da Administración pública sen conexión e aos polígonos industriais.

Pola súa banda, R resultou adxudicataria da extensión de redes de nova xeración (NGA), as máis punteiras infraestruturas de telecomunicación capaces de garantir velocidades de conexión de 100 Mbps. Estas redes, ademais de ofrecer as prestacións máis avanzadas aos usuarios, serán a base de novos servizos máis innovadores e diferenciais e que se converterán en elementos imprescindibles para o desenvolvemento empresarial e para a xeración de emprego en Galicia.

A Xunta achega un total de 33 millóns de euros para estas actuacións, que xerarán un investimento global de máis de 150 millóns de euros. Deste xeito, a Administración autonómica promove a competencia entre operadores privados para que redunde nunha mellora da calidade dos servizos e das tarifas para os usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Redes de alta capacidade**

Cun investimento de 22,4 millóns de euros dos que a Xunta subvenciona 5,2 millóns, Telefónica estenderá redes de transporte de alta capacidade en 316 núcleos de poboación rural de menos de 100 habitantes que actualmente non contan con acceso á banda larga. Desta acción beneficiaranse preto de 60.000 persoas, 15.800 xa neste ano. Ademais, o aumento destas infraestruturas daralle acceso á banda larga de calidade a aqueles centros de saúde, centros educativos, farmacias, xulgados e resto de organismos e entidades públicas que carecían de conectividade de calidade á banda larga nestas núcleos do rural. Será tamén o caso dos polígonos industriais, aos cales se prevé dar acceso á rede en 2011 en toda a súa totalidade.

Características dos servizos

En canto ao servizo mínimo de acceso á banda larga que debía ser ofertado polo operador, na convocatoria publicada no DOG establécese unha velocidade mínima de 2 Mbps de baixada e 512 Kbps de suba cun 50% do caudal garantido. Telefónica comprométese a consolidar a finais deste ano 2010 a velocidade de 10 Mbps de baixada como oferta de referencia sen variacións nas tarifas, desenvolvendo ademais unha oferta a prezo máis reducido naqueles puntos onde non sexa posible ofertar os 10Mbps.

O operador ofrecerá aos usuarios servizos para o desenvolvemento da domótica, teleasistencia, así como accesibilidade a contidos multimedia nas pantallas de móbil, PC e TV, e outros servizos de entretemento.

Redes de Nova Xeración

A empresa R fará posible o acceso ao servizo de tecnoloxías de nova xeración (NGA) a máis de 530.000 habitantes, sen contar á poboación das sete grandes cidades á cal se chegará tamén a través do PBL sumando en total máis dun millóns de persoas con acceso a estas redes. A solución ofertada polo operador galego dará un servizo mínimo exixido de 100 Mbps de velocidade de baixada e 5Mbps de suba e cunha garantía de caudal garantido do 80%. Xa en 2010 máis de 40.000 poderán dispoñer de servizos NGA. O investimento total previsto para a extensión das redes de nova xeración é de 129,6 millóns de euros, dos cales 28 corresponden á subvención outorgada pola Xunta.

Melloras

Ademais das vantaxes que ofrecen estas liñas en canto a velocidades e posibilidades de desenvolvemento, R achega na súa oferta un importante paquete de servizos adicionais aos usuarios como a televisión de alta definición e televisión en 3D, nun futuro. Tamén dotará as vivendas dunha rede de monitorización do consumo de enerxía en tempo real, facilitará un servizo de alertas do 112 a través do televisor así como unha TDT interactiva para que os cidadáns coñezan a través da televisión as novas do seu concello.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Outros servizos adicionais serán o desenvolvemento dunha rede wifi que permita dispoñer de acceso á internet nas zonas públicas dos núcleos aos cales se dará cobertura ou un servizo de teleasistencia interactivo que lles permitirá aos usuarios interactuar en liña cos centros a través do monitor da televisión.

Servizos

Na súa oferta R comprométese a ofrecer en 2012 unha velocidade de 200Mbps, en 2015 de 600 Mbps e de 1000 Mbps en 2019. En canto á evolución da velocidade durante os vindeiros anos, R manterá o servizo de 100 Mbps ata 2013, momento no que, por defecto e sen custo adicional, aumentará a velocidade a todos os seus usuarios do mesmo ata os 150 Mbps. En 2015, e tamén se custo adicional, aumentarase a velocidade ata os 150Mbps; en 2019 ata os 400 e en 2021 ata os 600 Mbps, acadando unha velocidade de suba de 30 Mbps.

Deputacións

O Plan de Banda Larga que está a desenvolver a Xunta de Galicia integra as actuacións dos proxectos que están a realizar as deputacións de Pontevedra e Ourense na achega da internet de calidade aos galegos. Ambas as deputacións provinciais adxudicaron a Iberbanda a implantación destas infraestruturas por un importe de 2,4 millóns de euros no caso de Ourense e de 5,4 millóns de euros no de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA COLABORA NA CELEBRACIÓN DO 80 ANIVERSARIO DA
INAUGURACIÓN DA SEDE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

- *Entre os meses de outubro e novembro celebrarase a exposición “As pegadas da Xustiza”*

O Consello da Xunta informou hoxe na súa reunión semanal do convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Concello da Coruña, a Fundación Caixa Galicia, a entidade mercantil Banesto, o Colexio de Avogados da Coruña, o Consello Galego de Procuradores e a Xunta de Galicia para poñer en marcha a exposición “As pegadas da xustiza”, que terá lugar nos meses de outubro e novembro e que conmemorará os 80 anos de existencia da sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Este ano cúmprense 80 anos da inauguración do Pazo da Xustiza, sede actual do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, para celebrar o aniversario, a Presidencia do TXSG quixo realizar unha exposición dedicada ao edificio e á historia da institución, co fin de dar a coñecer o papel fundamental da xustiza no desenvolvemento da sociedade galega.

As pezas que forman parte desta exposición son na súa maioría propiedade do Ministerio de Cultura e están depositadas no Arquivo do Reino de Galicia.

O custo de realización da exposición será financiado polas institucións asinantes do convenio, mediante achegas determinadas en función das accións que se realicen; suman entre todas un total de 38.600 euros e distribúense da seguinte maneira:

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: 4.000 euros.
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 6.000 euros.
- Consellería de Cultura e Turismo: 7.000 euros.
- Fundación Caixa Galicia: 6.000 euros.
- Banesto: 6.000 euros.
- Colexio Avogados da Coruña: 6.000 euros.
- Consello Galego de Procuradores: 3.600 euros.

En virtude do convenio, O Concello da Coruña prestará para a exposición vitrinas e urnas e a Deputación Provincial da Coruña asumirá os gastos xerados pola utilización dos seus medios propios na realización do material necesario para a exposición e para o acto de inauguración da mostra.

MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 320.000 EUROS NA REHABILITACIÓN DA PRAZA ANDÓN CEBREIRO, NO CONCELLO DE FRIOL

- *O espazo atópase moi deteriorado, polo que é necesario a súa posta en valor*
- *O convenio finalizará o vindeiro 2011, e beneficiará máis de 4.350 veciños do concello lugués*
- *O proxecto está enmarcado no Plan HURBE, que facilita unhas condicións adecuadas de habitabilidade e promove o modelo de asentamento que caracteriza a comunidade galega*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Friol, situado na provincia de Lugo, para a adecuación da praza de Andón Cebreiro. Medio Ambiente investirá preto de 320.000 euros nesta actuación distribuídos en dúas anualidades; serán 10.000 euros en 2010 e 308.719 euros o vindeiro 2011.

As actuacións que levarán a cabo na praza de Andón Cebreiro irán encamiñadas á revitalización da zona, para o uso e disfrute dos cidadáns así como para a mellora da súa calidade de vida.

Primeiro procederáse ao acondicionamento e á drenaxe do terreo coa demolición do material existente. Isto complementarase coa instalación dunha rede de pluviais, un colector de saneamento completado cun sumidoiro. Despois, executarase a pavimentación de formigón para adecuar o solo da praza.

Finalmente será preciso a instalación do mobiliario urbano: bancos de granito, papeleiras, balizas e ornamento; e unha fonte en cascada que se colocará no centro da praza. O paso final será a subministración eléctrica para a posta a punto da luz pública.

Obrigas da Consellería e do Concello

A Consellería de Medio Ambiente achegará 318.719 euros; ademais deberá inspeccionar as obras tanto durante a súa execución como ao seu remate. Pola súa parte, o Concello de Friol deberá achegar 56.244 euros, ademais de redactar o proxecto técnico da obra. Así mesmo, deberá obter os permisos e as licenzas regulamentarias para proceder á actuación para, despois, proceder á contratación, dirección e execución das obras.

O convenio finalizará o vindeiro 31 de decembro do 2011 e beneficiará máis de 4.300 veciños do concello lugués.

Plan HURBE

Como moitos outros asentamentos do rural galego, o Concello do Friol precisa dunha especial atención en canto á necesidade de facilitar unhas condicións adecuadas de habitabilidade que, sen descoidar os elementos históricos e tradicionais da vila,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

incorporen dotacións técnicas e infraestruturas acordes cos tempos en que vivimos. Deste xeito, conséguese unha potenciación do modelo de asentamento que caracteriza a nosa comunidade e que é necesario conservar.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou o pasado 15 de abril no Consello da Xunta da posta en marcha do programa de humanización, urbanización e equipamento de espazos públicos nos concellos galegos. O Plan **HURBE** 2010-2013 nace como resposta á necesidade de mellorar a habitabilidade das vilas de Galicia, que busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

Así mesmo, preténdese fomentar a recuperación e rehabilitación dos núcleos rurais tradicionais por constituír un interese público co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitar o despoboamento no medio rural. En definitiva, Medio Ambiente ten como obxectivo a posta en valor dun patrimonio de grande importancia para Galicia.

O Plan **HURBE** estará dotado con máis de 96 millóns de euros (96.206.980) e un horizonte temporal de execución ata o ano 2013, aínda que se recollen anualidades en 2014 para o pagamento das obras.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LAT 66 KV TIVO-SAN XURXO COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *Este proxecto permitirá a mellora substancial da subministración de enerxía eléctrica na comarca de Pontevedra*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe de xeito definitivo o proxecto de liña de alta tensión denominado LAT 66 kv Tibo-San Xurxo como proxecto de incidencia supramunicipal, polo que os planeamentos dos concellos de Caldas de Reis, Portas, Barro, Moraña, Campo Lameiro e Cotobade, na provincia de Pontevedra, quedan vinculados ás determinacións contidas no proxecto sectorial aprobado logo de que o proxecto conte con todos os pronunciamentos favorables, incluídos os ambientais.

Este proxecto permitirá a mellora substancial da subministración de enerxía eléctrica á comarca de Pontevedra, toda vez que se pechará un anel de 66 kV para evitar a posición en antena actualmente existente na subestación de San Xurxo.

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou se asenten sobre varios termos municipais. Isto garantirá a axeitada inserción no territorio das infraestruturas, dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos existentes, a súa adaptación ao contorno en que se atopen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS A DOTAR OS CENTROS EDUCATIVOS DE AUXILIARES DE CONVERSA

- *A Xunta de Galicia dá así un novo impulso ao Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras*
- *Estes axudantes comezarán este curso a prestar apoio en colexios, institutos e escolas oficiais de idiomas*
- *En total haberá 260 auxiliares de conversa que desenvolverán o seu labor neste curso escolar en centros galegos sostidos con fondos públicos*

A Consellería de Educación vai destinar máis de 1,2 millóns de euros a dotar os centros públicos de educación primaria e secundaria e as escolas oficiais de idiomas de Galicia de 213 auxiliares de conversa. Así, neste curso haberá un total de 260 auxiliares de conversa. Todos eles desenvolverán o seu labor en centros galegos sostidos con fondos públicos e este incremento supón multiplicar por 4 os que existían ata este curso.

No marco do Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, os auxiliares de conversa incorporaranse aos centros de destino no mes de outubro, realizarán o seu labor nos centros ata finais do mes de maio de 2011 e prestarán o seu apoio ao ensino das linguas inglesa, francesa, alemá e chinesa.

Durante a súa estada en Galicia os auxiliares asistirán o profesorado nas súas funcións específicas, que irán fundamentalmente encamiñadas a reforzar as destrezas comunicativas na lingua estranxeira que curse o alumnado. Entre as distintas funcións que poderá realizar están as de axudar o profesorado a planificar as clases e asistir na aula como apoio lingüístico; fomentar o interese do alumnado pola lingua e cultura dos países de fala da correspondente lingua estranxeira, ou dar clases de conversa para os docentes que estean a impartir ou vaian impartir no futuro as súas materias noutro idioma. Ademais, estas persoas poderán participar en actividades extraescolares de diferente índole, tales como culturais, deportivas, viaxes de estudos, etc.

Co incremento de auxiliares, a Consellería de Educación fai unha firme aposta para que o alumnado e o profesorado galego teña a oportunidade de mellorar as competencias lingüísticas, aprender e falar a lingua estranxeira, o que lles permitirá participar activamente no mundo actual, multicultural e plurilingüe.

Deste xeito, os auxiliares contribúen ao obxectivo do Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, fundamentado en lograr que o alumnado, ao remate da súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente en inglés, que lle permitan ser un usuario independente nela, así como dotar progresivamente o profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para que o alumnado acade a referida formación.

CULTURA E TURISMO INVESTIRÁ PRETO DE 210.000 EUROS NA REHABILITACIÓN DAS TORRES DO OESTE EN CATOIRA

- *O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Catoira para a recuperación do conxunto histórico-monumental das Torres do Oeste, declaradas Ben de Interese Cultural en 1949*
- *O orzamento global das obras de recuperación, cofinanciadas polo Concello de Catoira e o Ministerio de Fomento, é de 1,8 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Catoira para a recuperación do conxunto histórico-monumental das Torres do Oeste. En virtude do acordo autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 209.136 euros, que serán distribuídos en tres anualidades. As obras de recuperación do conxunto histórico-monumental terán un orzamento global de 1.810.689 euros e serán cofinanciadas polo Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% cultural, e polo Concello de Catoira.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, enmarca esta actuación no seu labor de protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia. As Torres do Oeste son un enclave do máximo valor cultural situadas na marxe esquerda do Ulla, nunha situación limítrofe entre as provincias da Coruña e Pontevedra. Este proxecto de intervención ten por obxecto poñer en valor un fito monumental de gran relevancia cultural como son as Torres do Oeste, declaradas Ben de Interese Cultural no ano 1949. Considéranse un testemuño histórico de acontecementos de referencia na historia de Galicia e, na actualidade, son centro dun gran número de actividades culturais.

En virtude do acordo autorizado, a Consellería de Cultura e Turismo contribúe á conservación total do conxunto arquitectónico, histórico, paisaxístico e ambiental, mediante a recuperación dos valores existentes noutras épocas, que hoxe desapareceron ou se desvirtuaron. Un dos obxectivos da rehabilitación deste ben patrimonial é a potencialización de novos usos culturais de interese, para o cal se realizarán obras de cimentación, reformas da cuberta, cambio do mobiliario, acondicionamento do contorno, tarefas de electrificación, carpintaría e fontanaría, saneamento do inmovible así como diversas escavacións arqueolóxicas.

MAR ADAPTA A COMPOSICIÓN DOS CONSELLOS DE ADMINISTRACIÓN DAS AUTORIDADES PORTUARIAS DOS 5 PORTOS DE INTERESE XERAL DO ESTADO EN GALICIA Á NOVA LEI

- *Os consellos de administración dos portos de Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Marín e Ría de Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo pasarán a ter 15 membros, fronte aos 25 actuais*
- *Mar designará un vogal do ámbito pesqueiro no novo Consello de Administración, ao entender que se trata dun sector económico relevante en materia portuaria e que debe estar representado*

A Consellería do Mar adaptará a composición dos consellos de administración das autoridades portuarias dos 5 portos de interese xeral do Estado situados na nosa comunidade autónoma, que son Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Marín e Ría de Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta modificación, que é consecuencia da reforma da Lei 27/1992, de portos do Estado e da mariña mercante, que entrou en vigor o pasado 27 de agosto.

Así, cumprindo coa nova normativa, os consellos de administración estarán integrados polo presidente da entidade –que será tamén o do Consello-, un capitán marítimo e 13 vogais, que se distribuirán do seguinte xeito: 3 por parte da Administración xeral do Estado, 4 por parte da Comunidade Autónoma, 2 por parte dos municipios en cuxo termo está localizada a zona do servizo do porto, 1 por parte da Cámara de Comercio, Industria e Navegación, 1 por parte das organizacións de empresarios, 1 por parte das Organizacións Sindicais e, por último e como novidade, 1 pertencerá ao ámbito pesqueiro, ao ser considerado pola Consellería do Mar como un sector económico relevante.

A consellería elixiu o número máximo de vogais (un total de 15) que a lei lle permitía establecer. Deste xeito mantense unha representatividade territorial, social e económica importante a pesar da redución que supón en comparación co número de membros que compoñen o consello actualmente (25 membros).

A ESTRATEXIA “XUVENTUDE 2013”, CUN ORZAMENTO DE 900 MILLÓNS DE EUROS, RECOLLE MÁIS DE 240 MEDIDAS PARA A MOCIDADE

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta das actuacións recollidas neste plan, que ten un carácter integral e intersectorial*
- *A estratexia marcada pola Xunta para o período 2010-2013 ten tres obxectivos fundamentais: crear oportunidades para a mocidade na educación e no emprego; potenciar a solidariedade; e mellorar o acceso da mocidade á participación na sociedade*
- *Define accións relacionadas con nove eixos transversais: educación, emprego, creatividade e espírito empresarial, vivenda, saúde e deporte, información e formación, participación e asociacionismo, voluntariado e mobilidade*

A estratexia “Xuventude 2013”, que define o programa que se vai seguir en materia de mocidade durante os próximos catro anos, suporá o investimento de aproximadamente 900 millóns de euros ata 2013, cantidade destinada a financiar as máis de 240 medidas transversais dirixidas aos mozos e mozas galegos.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta das actuacións que se recollen neste plan. Este documento foi froito da reactivación da comisión interdepartamental de Xuventude, que levaba parada catro anos, e na cal están presentes todos os departamentos da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

É preciso destacar que esta estratexia nace tamén da participación, xa que máis de 20.000 mozos e mozas e 300 asociacións xuvenís puideron facer as súas achegas desde o mes de xullo, unhas propostas que foron tidas en conta polo Goberno galego á hora de ultimar este plan.

O documento “Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega” está dirixida aos máis de 500.000 mozos e mozas galegos que viven en Galicia e ten tres obxectivos fundamentais: crear oportunidades para a mocidade na educación e no emprego; potenciar a solidariedade, e mellorar o acceso da mocidade á participación na sociedade.

Debido ao carácter transversal do plan e que implica o conxunto do Goberno galego con competencias na materia, as máis de 240 actuacións establecéronse ao redor de nove eixos: educación, emprego, creatividade e espírito empresarial, vivenda, saúde e deporte, información e formación, participación e asociacionismo, voluntariado e mobilidade.

Emprego e mobilidade

No que se refire propiamente ao emprego, potenciáranse, entre outras medidas, as políticas activas e o apoio ao emprendemento xuvenil. Todas as actuacións se englobarán dentro do Plan de emprego xuvenil, que se inscribe no Plan de emprego

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

autonómico. Actualmente, as mesas do diálogo social están a ultimar estes documentos.

A estratexia “Xuventude 2013” recolle tamén unha clara aposta pola mobilidade europea, tanto no eido das prácticas laborais coma nos intercambios culturais, co fin de fomentar a educación formal e non formal.

Deste xeito, entre outras medidas, prevese ampliar ata as preto de 200 prazas o programa “MOGAL” de mobilidade para o desenvolvemento profesional. A través desta iniciativa, os participantes poderán realizar prácticas profesionais en empresas e organización de Italia, Francia, Irlanda e Holanda. Trátase dun proxecto que conta coa colaboración da Unión Europea e cun investimento de máis de 500.000 euros. Desenvolverase entre o último trimestre de 2010 e 2011.

A esta iniciativa hai que sumar o programa galego de mobilidade “A Xuventude no mundo”, que se puxo en marcha este ano por vez primeira. Grazas a el, 120 mozos e mozas poderán realizar intercambios con xuventude procedente doutros sete países europeos: Italia, Francia, Grecia, Hungría, Romanía, Bulgaria e Portugal. O seu obxectivo é ampliar as liñas de cooperación entre os distintos países e fomentar o coñecemento doutras linguas e culturas. O plan de xuventude aposta por potenciar este proxecto co fin de triplicar as prazas dispoñibles e aumentar os países colaboradores.

Ocio e creatividade

Ademais do emprego e mobilidade, a estratexia “Xuventude 2013” recolle outras medidas que apostan por outros eidos relevante na política xuvenil como son a creatividade e o ocio.

Así, o documento establece actuacións para incentivar e dar saída á creatividade xuvenil. Neste sentido, é preciso destacar que este ano bota a andar o “circuíto da creatividade”, que creará os espazos e oportunidades necesarios para a promoción e fomento da nova creatividade galega, coa posta en marcha de máis de 300 accións diferentes de difusión do talento xuvenil. Este programa contará tamén coa participación de Castela e León e a rexión norte de Portugal, co fin de levar esta difusión fóra do territorio galego.

Con respecto á oferta de ocio, o Goberno galego prevé ampliar de cara o 2011 o programa Xuventur de turismo activo e de natureza. O obxectivo é incluír, ademais dos establecementos de turismo rural, estadias en albergues e residencias de tempo libre, dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante todo o ano, ao tempo que se axuda á revitalización destas instalacións. Con esta alternativa chegaríase a multiplicar por tres a oferta actual, pasando de 2.000 prazas ata as 6.000 en 2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Educación e vivenda**

A estratexia de Xuventude para os próximos catro anos contén medidas de varios departamentos da Xunta. Así, cabe destacar que inclúe tamén o programa ABALAR que se desenvolverá, de aquí a 2013, en máis de 1.000 centros educativos e chegará a 87.000 alumnos. No eido educativo, recolle tamén o Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras, que conta cun investimento de 51,5 millóns de euros, e que beneficiará 40.000 alumnos aproximadamente. Incrementará un 150 por cento o número de seccións bilingües e porá en marcha os 160 primeiros centros educativos plurilingües.

No que se refire á vivenda, continuará a aposta por facilitar o acceso á vivenda, a través do Plan Aluga, que permite obter unha axuda mensual que financia ata o 70 por cento do aluguer dunha vivenda.

No caso de preferir adquirir a vivenda en propiedade, manterase a redución de impostos xa posta en marcha para os menores de 30 anos. O gravame sobre transmisións patrimoniais pasou do 7 ao 4 por cento e as taxas por actos xurídicos documentados baixou entre un 50 e un 66 por cento. A aplicación destas medidas supón a redución duns 6.600 euros para os mozos no caso de vivendas de 180.000 euros.

Participación xuvenil

A aposta pola participación xuvenil, que xa se reflicte na propia concepción do plan coas achegas realizadas polas asociacións e mozos e mozas, tense reflectido tamén na posta en marcha este ano dun novo modelo de participación xuvenil denominado "Iniciativa Xove".

Este proxecto permitiu, por primeira vez, abrir a participación a grupos informais de mozos e mozas co fin último de trasladar o deseño dos programas xuvenís á propia mocidade. A Consellería de Traballo e Benestar aumentou este ano o orzamento das axudas á participación xuvenil en máis dun 70 por cento. Este financiamento permitirá que nesta lexislatura as iniciativas xuvenís en marcha se incrementen por riba do 200 por cento.

Normativa

A planificación da política de xuventude para os próximos catro anos establece tamén avances na normativa. Así, nesta lexislatura a mocidade galega contará coa primeira lei da historia da autonomía de Galicia para este colectivo. Este texto regulará os seus dereitos, garantirá o seu acceso aos servizos públicos e consagrará a participación da mocidade. O seu borrador será presentado antes do primeiro trimestre de 2011.

Tamén se está a traballar na Lei de acción voluntaria que, entre outros puntos, lles permitirá aos voluntarios obter certificacións oficiais da súa participación nas actividades que desenvolven.